

**PLAN DE INTEGRACIÓN DAS
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A
COMUNICACIÓN**

IES EDUARDO BLANCO AMOR

1. Xustificación

A sociedade actual está inmersa nun gran cambio a nivel tecnolóxico debido fundamentalmente ó desenvolvemento dos sistemas informáticos, audiovisuais e de comunicación; Internet ofrece unhas posibilidades coas que non se podía soñar hai poucos anos. O sistema educativo non pode quedar atrás nesta evolución, senón que debe actualizarse para que a escola non siga un camiño diverxente coa sociedade na que vive.

As tecnoloxías da información e da comunicación ocupan xa un lugar preferente na vida dos nosos alumnos, aínda que se orienten fundamentalmente ó ámbito do lecer. Desde o centro educativo procuraremos que todos acaden unha competencia dixital que lles permita desenvolver habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e para transformala en coñecemento. Fomentaremos tamén o uso responsable das TIC na vida cotiá, partindo do dereito á propia privacidade e o respecto ós outros.

Con este proxecto pretendemos non só integrar as novas tecnoloxías no traballo diario de alumnos e profesores, senón que buscamos favorecer un cambio metodolóxico no modelo de ensino-aprendizaxe que trascenda a transmisión do coñecemento para facer ós alumnos máis activos e protagonistas no proceso.

2. Características de partida

Aínda que a nosa experiencia no uso das ferramentas TIC non é homoxénea a maioría de profesores e alumnos usan en maior ou menor grado as ferramentas ofimáticas, buscadores e correo electrónico. Hai un pequeno grupo que usa a aula virtual na clase así como blogs ou plataformas similares. Nalgunhas materias emprégase o libro dixital proporcionado pola editorial escollida.

O curso 2010-11, coa chegada do proxecto Abalar, supuxo un punto de inflexión no uso das TIC no centro. Non só a dotación de equipamento informático cambiou o noso traballo, senón que o desenvolvemento dun obradoiro formativo, no que participaron máis dun terzo dos profesores, proporcionou un clima favorable ó uso das TIC e ós intercambios de experiencias e coñecementos.

A páxina web funciona desde a súa creación como referencia para o centro e as familias. Desde os documentos máis importantes que rexen o noso funcionamento, ata os formularios comúns para alumnos e profesores están a disposición da comunidade. A través dela tamén se facilita calquera información administrativa importante, danse a coñecer as actividades e proxectos que desenvolvemos ó longo do curso e mostramos os logros dos alumnos. Ademais da aula virtual, tamén serve como enlace ós diferentes blogs e páxinas de profesores ou departamentos.

A información de faltas de orde ou de asistencia dos alumnos é enviada diariamente ós teléfonos móbiles dos pais grazas á aplicación subministrada pola Consellería de Educación. Isto é un servizo moi apreciado polos proxenitores e que favorece directamente a diminución do absentismo.

En canto a equipamentos, o centro dispón dos seguintes recursos: dez aulas abalar dotadas con PDI, proxector, portátil do profesor e miniportátiles de alumno. Ordenadores nas oficinas do centro, conserxería, despachos e departamentos didácticos. Dous ordenadores na sala de profesores e tres máis nunha sala de uso exclusivo do profesorado. Portátil para o salón de actos con proxector, gran pantalla de proxección e equipo de son. Tres ordenadores na biblioteca, dous deles a disposición dos alumnos. Ordenador con proxector en todas as aulas de docencia do centro, a maioría con PDI. Temos tamén un servidor de centro no que os usuarios poden gardar materiais e aplicacións que estarán dispoñibles para o uso nas aulas.

Ao longo dos pasados cursos o centro fixo un esforzo económico enorme para a adquisición de recursos audiovisuais e informáticos e a súa instalación progresiva nos diferentes espazos de traballo, isto complementouse co equipamento enviado pola Consellería.

Con todo, somos conscientes de que a maior parte dos equipos, excepto os Abalar, quedarán obsoletos en poucos anos (algúns xa o están) e non se poderán repoñer co orzamento do instituto. O mantemento adecuado, reparacións e substitucións de compoñentes (excepto nas aulas de informática) estase levando a cabo por unha empresa contratada, o que tamén supón unha carga importante.

Tendo en conta isto porase énfase no claustro de principio de curso e desde as titorías para que tanto profesores como alumnos sexan conscientes da necesidade do uso adecuado de todo o material.

3. Obxectivos

a) A curto prazo:

Aproveitar os recursos tecnolóxicos existentes no centro mediante un plan axeitado.

Promover o uso da páxina web e do correo electrónico como medio de comunicación na comunidade educativa.

Potenciar o uso das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe no alumnado con necesidades educativas especiais e fomentar o seu uso nas tarefas de apoio e reforzo educativo.

Empregar as TIC no traballo cotiá da aula.

Orientar nas posibilidades que ofrece a rede como mecanismo de procura de información e difusión de coñecemento, valorando criticamente este recurso.

Crear grupos de formación colaborativa a distintos niveis entre o profesorado participante.

Favorecer a colaboración entre distintos departamentos e coordinar a súa acción en relación ó uso das TIC.

Redución horaria suficiente para o coordinador Abalar, TIC e o encargado do mantemento da páxina web.

Provomer o uso de software libre no centro e rexeitar a instalación de aplicacións sen a licenza correspondente.

b) A longo prazo:

Integrar a todo o claustro no proxecto TIC do centro.

Lograr o uso das TIC en tódalas áreas e niveis como práctica habitual.

Ampliar o uso do equipamento abalar ó resto dos cursos cando non sexan usados en 1º e 2º.

Ampliación de materiais didácticos na aula virtual do centro.

Creación de materiais didácticos de área ou materia.

Fomentar o uso do servidor de recursos como repositorio de material didáctico.

Promover a comunicación do Centro coas familias dentro do Espazo Abalar

Participar en proxectos de colaboración con outros centros educativos mediante o uso de Internet.

Posta en marcha dun grupo TIC que leve a cabo as tarefas de actualización do equipamento docente e actúe como formadores básicos.

Redución horaria para os docentes que leven a cabo o mantemento das aulas de informática ou pertezan ó grupo TIC.

4. Metodoloxía e actividades

O desenvolvemento do proxecto levarase a cabo usando ós departamentos didácticos como elementos principais. Nas programacións trimestrais deberán introducir, para cada curso de secundaria, como mínimo unha actividade na que se traballe usando as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de aprendizaxe.

En xeral, para deseñar as actividades deberán partir destas liñas básicas:

- ✓ Investigación, análise, valoración e utilización de materiais que nos ofrece Internet: deberase afondar na procura de recursos que xa existan na rede, para evitar facer esforzos improdutivos creando materiais dos que xa se dispón.
- ✓ Creación dun repositorio en cada departamento que permita contar a medio prazo cunha colección de actividades para cada curso.
- ✓ Creación de recursos: cando non se atope o recurso axeitado, procederase á elaboración de materiais adecuados ós obxectivos, que formarán parte do repositorio do departamento.
- ✓ Creación de actividades tipo webquests: útiles en múltiples áreas para desenvolver as capacidades de busca de información, recollidas nas competencias básicas da ESO.
- ✓ Utilización de ferramentas multiplataforma e preferentemente de software libre para a elaboración das actividades.

- ✓ Usar a páxina web do centro como núcleo da actividade formativa, proporcionando os materiais a través da aula virtual ou de ligazóns a partir das páxinas de cada departamento.

O uso das TIC facilita sen dúbida o traballo interdisciplinar e, para favorecer a coordinación entre o profesorado de distintas áreas, permitírase o cambio de horas de clase entre os implicados, sempre que a organización o permita e respetando a carga lectiva de cada materia.

5. Organización de espazos

Os espazos implicados no proxecto son os seguintes:

Aula de informática III: dotada cos ordenadores máis novos e con proxector. Sempre que sexa posible terán preferencia para usala as materias de TICS e Tecnoloxía.

Aula de informática II: utilízase con preferencia para as áreas que desenvolvan contidos informáticos no seu currículo, e en xeral para tódalas áreas que o precisen. Dispón dun encerado dixital interactivo. Os ordenadores teñen instalada a maqueta Abalar

Aula de informática I: utilízase en xeral para tódalas áreas que o precisen.

Biblioteca: dispón de dous ordenadores para o seu uso fóra das horas de clase, principalmente para lectura documental e busca de información.

Aulas xerais: todas as aulas dispoñen de ordenador con conexión á rede e proxector. A maioría ten instalada a maqueta Abalar, só se usa o sistema Windows en catro aulas.

Dez aulas Abalar: as aulas de 1º e 2º de ESO son aulas Abalar (armario de carga con netbooks para os alumnos, portátil do profesor e EDI).

O feito de contar con ordenador e proxector nas aulas dos grupos facilita o traballo docente e proporciona ós alumnos un xeito visual de acceder á información, máis alá dos textos e explicacións verbais. Non obstante é importante que estes realicen un traballo directo, individualmente ou en grupo, manexando activamente os ordenadores para levar a cabo as distintas tarefas que se propoñan desde cada materia. Dado que isto só é posible en primeiro e segundo curso, intentarase optimizar o uso das aulas de informática para os outros niveis.

No comenzo do curso, antes da elaboración dos horarios, os distintos departamentos analizarán as necesidades e farán unha petición das aulas que consideren necesarias para desenvolver a súa actividade. Ademáis diso contaremos cun sistema de reserva de aula cando se faga un uso esporádico ó longo do curso.

As aulas abalar que non estén sendo usadas (alumnos en ximnasio, taller etc), poden ser ocupadas por outros cursos, sempre que se reserven con antelación suficiente e se garantice o coidado do material dos alumnos ausentes.

6. Aulas Abalar

As aulas Abalar dispoñen dunha infraestrutura específica que fai necesario establecer uns protocolos de actuación e organización que deben ser coñecidos por tódolos usuarios. Neste momento estamos utilizando os que se elaboraron no momento da implantación do proxecto (adxúntanse como anexos) aínda que o coordinador Abalar do centro poderá introducir as modificacións que considere precisas, dándolle a difusión necesaria.

7. As TIC na biblioteca

Promoverase o uso dos postos multimedia instalados na biblioteca para que o alumnado, nas horas libres, poida utilizar as ferramentas que precise para o seu traballo, especialmente

no que se refire á lectura documental e busca de información. Tamén se pretende así minimizar as diferencias socio-económicas no caso de alumnos que non conten con ordenador na súa casa.

Xestión de fondos de mediateca e préstamo de libros mediante a aplicación informática MEIGA.

Continuarase co desenvolvemento do blog do Proxecto Lector, que supón un enorme atractivo para o alumnado e favorece a dinamización da lectura.

8. Tratamento da diversidade

A propia natureza dos programas de ordenador ou do traballo na rede permite establecer secuencias de complexidade nos contidos e polo tanto variar o nivel de dificultade (incluído reforzo ou ampliación). O uso de moodle permitirá poñer distintas tarefas graduadas en dificultade e asignar grupos de traballo.

No caso de alumnos de primeiro e segundo curso, os miniportátiles abalar contan con aplicación específicas para casos de deficiencias visuais ou motoras.

9. Plan de formación do profesorado

Desde o desenvolvemento do obradoiro Abalar, no que se fixo unha enquisa sobre necesidades formativas, e se traballou ó longo de todo o curso cun gran número de proferores, as actividades formativas que se levaron a cabo foron pequenas charlas sobre uso de ferramentas concretas. Unha parte importante de profesores están asistindo a cursos de formación acordes co seu nivel e necesidade.

Preténdese que os departamentos didácticos canalicen as necesidades formativas dos seus membros e propoñan a cración de grupos de traballo específicos que se solicitarán ó centro de profesores.

A longo prazo e se a organización do centro o permite, preténdese formar un grupo TIC cos membros máis activos para que se encarguen da actualización básica do equipamento non Abalar e de organizar pequenas sesións formativas sobre temas ou ferramentas útiles no traballo diario.

7. Plan de avaliación

Obxectivo:

Coñecer a eficacia, grao de aplicación, participación, expectativas innovadoras xeradas, resultados reais dos logros conseguidos e dificultades detectadas ou superadas durante co desenvolvemento do Proxecto de Integración das TIC.

Método:

Distinguiremos o que, como e cando avaliar o proxecto:

QUE?	COMO?
Uso das aulas de informática	Crearase unha base de datos onde se rexistrarán as horas de ocupación por cada área
Uso dos medios audiovisuais e informáticos nas demais aulas	Solicitarase información ao respecto ao profesorado e ao alumnado
Uso da páxina web do centro	Solicitarase información ao respecto ao profesorado, alumnado e familias
Realización de actividades por cada área do proxecto	Na programación de cada departamento virán reflectidas as actividades que se pretenden realizar mediante o uso das TIC. Estableceranse indicadores específicos en cada área para poder avaliar ó final de cada trimestre o grao de cumprimento das actividades propostas neste proxecto.

Canto a cando avaliar, farase ó rematar cada trimestre do curso. Rexistraranse tamén os problemas que atope o profesorado no uso dos medios informáticos, e propoñeranse solucións para que non se repita nos seguintes trimestres.

Durante o curso, faranse reunións do profesorado implicado para intercambiar experiencias, realizar actividades de formación e comunicar todo tipo de necesidades.

Ó final de curso, farase un cuestionario de avaliación para coñecer o grao de satisfacción da aplicación deste proxecto en tódolos sectores implicados.

Pasados dous anos farase unha análise en profundidade e revisaranse os obxectivos, adecuando tamén os outros elementos do proxecto.

10. Difusión do proxecto

Este proxecto deberase incluír nos documentos relacionados a continuación:

- ✓ Programación Xeral Anual:
- ✓ Proxecto Educativo:
 - incluír o Plan de Integración das TIC como referente para o traballo anual
 - incluír o uso das TIC nos obxectivos xerais de etapa
- ✓ Programacións didácticas:
 - incluír o uso das TIC nos contidos das materias
 - incluír as TIC como criterio e instrumento de avaliación

Ó comezo do curso darase conta á comunidade educativa deste proxecto a través do Consello Escolar, claustro de profesorado, xunta de delegados, ANPA e nas diferentes reunións con pais que se levan a cabo para presentar o curso que se inicia.

Na actividade de benvida, na que se proporciona información do centro a profesorado e alumnado novo, incluíranse as referencias precisas a este proxecto e ó uso das TIC no centro. Tamén ó profesorado substituto que se incorpore durante o curso.

ANEXO

PROTOSCOLOS ABALAR

FUNCIONAMENTO DAS AULAS ABALAR

(PROFESORES)

O seguinte protocolo de actuación levarase a cabo polos profesores das aulas Abalar de ESO.

En Conserxería haberá dez xogos coas chaves das portas frontais e traseira dos armarios de carga.

O primeiro profesor da mañá e os que teñan clase despois dos recreos recollerán o xogo antes de ir á aula. Para usar o portátil nas aulas en que non se deixe instalado na mesa do profesor, sacarano do caixón superior do armario, onde estará tamén o mando a distancia do proxector. Distribuiranse os netbooks dos alumnos seguindo as normas correspondentes.

Cando remate a clase, excepto no caso en que saibamos con seguridade que os equipos van a ser usados na seguinte hora, deberá quedar todo gardado de novo.

Pecharase o armario con chave e esta pasaráselle directamente ao seguinte profesor do grupo ou levarase a Conserxería

Non se deben deixar os equipos sen recoller a non ser que previamente o seguinte profesor nos avisara. Neste caso debemos esperar e pasar as chaves persoalmente.

Cando saian a Ed. Física ou a algunha actividade fora da aula, as chaves deben levarse a Conserxería.

Nas gardas non se poden usar os equipos.

Os profesores deben recordarlle aos alumnos que é imprescindible que conecten correctamente os netbook no momento de gardalos e deben conectar tamén o portátil de aula se este se deixara no caixón.

INCIDENCIAS

Si durante o desenvolvemento das clases algún elemento do equipo sofre un problema técnico, o profesor debe anotar nun parte específico de que elemento se trata e cal é a avaría; si é un netbook dos alumnos debe indicar o número de etiqueta. O parte daráselle ó coordinador que, si non pode resolver a incidencia, poñerase en contacto coa Unidade de Atención a Centros.

Si se observa algún desperfecto no equipo dos alumnos derivado do mal uso (raias, pantalla moi sucia, roturas, falta de teclas...) debe tamén indicarse no parte para tomar as medidas oportunas.

RECOMENDACIÓNS PARA AS AULAS ABALAR (PROFESORES)

Non é obrigatorio usar o equipamento.

Os ordenadores deben ter un uso educativo, non poden ser un premio ao final da clase nin debemos deixar que consulten o correo ou páxinas que non teñen que ver coa clase.

Sería boa idea ter sempre preparado un traballo alternativo cando teñamos programada unha clase cos equipos, por si hai algún imprevisto coa rede, o proxector ou os ordenadores.

Se algún alumno ten un problema co portátil no debemos interromper a clase, apagarao e xuntarase cun compañeiro.

Se queremos mostrarlle algo aos alumnos (vídeo, audio, animacións, presentacións...) é mellor facelo a través do proxector para evitar saturar a rede.

Debemos controlar, na medida do posible, a actividade dos alumnos cos netbooks, sobre todo o uso de internet ou da cámara. Desde o fondo da clase podemos ver mellor as pantallas e non debemos dudar en mandarllas cerrar si non cumpren as nosas indicacións.

Cando se baixa a pantalla do portátil ou non se usa durante un rato, este pode entrar en suspensión ou bloquearse. Simplemente se pulsa brevemente o botón de acendido e escríbese o contrasinal (*alumno* ou *profesor*) para desbloquealo

O ordenador do profesor é de todos e non debemos “persoalizalo”. Podemos crear unha carpeta co noso nome e gardar alí o material; o mesmo cos marcadores do navegador.

Convén usar un pendrive para gardar o noso traballo porque, en caso de avaría, o ordenador será restaurado e perderemos todo o que estivera gardado.

NORMATIVA DE USO DOS PORTÁTILES ABALAR

Os equipos das aulas Abalar son propiedade do centro e os alumnos, cando os utilicen, deben cumprir e respectar en todo momento a normativa establecida xenericamente no R.R.I e tamén a que aquí se especifica.

O incumprimento da mesma terá como consecuencia, ademais da perda temporal ou definitiva dos privilexios de uso, calquera outra sanción, incluso económica, que se estableza ou derive do devandito Regulamento.

1. Antes de coller os portátiles do carro os alumnos deixarán as mesas libres doutro material.
2. O profesor indicará que alumnos van polos portátiles cada vez, e estes collerán o que teñen asignado, de un en un, desconectándoo da carga sen tirar polo cable. Volverán ao seu sitio con orden antes de que se levanten os seguintes compañeiros. A criterio do profesor pode asignarse a tarefa de reparto a un alumno concreto.
3. Cada netbook ten rotulado un número identificador que se corresponde cun alumno. Sempre se collerá o portátil que se teña asignado para que exista unha responsabilidade persoal no coidado do mesmo.
4. O alumno non acenderá o portátil ata que llo indique o profesor, unha vez rematada a exposición do traballo que van a realizar.
5. É responsabilidade do alumno o coidado do equipo asinado. Debe evitar golpes, non colocará obxectos de ningunha clase sobre o portátil e terá coidado especial coa pantalla, e coa cámara.
6. Cada alumno será responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas e arquivos. Tamén de gardar o traballo e de apagar correctamente o equipo ao finalizar a clase.
7. Os alumnos devolverán ordenadamente os ordenadores ao carro de carga, colocándoos no sitio que lles corresponda e asegurándose de que quedan conectados ao cargador.
8. No caso de que se esgote a batería por non cumprir a anterior norma o alumno deberá traballar na clase sen ordenador.

9. O uso do ordenador e da rede do centro terá sempre unha finalidade educativa. Queda por elo prohibido o acceso a páxinas cuxos contidos non sexan de carácter educativo. Tampouco se poderá gardar ningún arquivo que non teña que ver co traballo de clase.
10. Os alumnos deberán traer un lapis de memoria para gardar periodicamente o traballo.
11. As incidencias técnicas deben comunicarse ao profesor, que as anotará nun parte específico indicando o número de ordenador e o problema. Se o ordenador non se pode usar debe gardarse igualmente no carro de carga ata que sexa arranzado.
12. As incidencias derivadas dun mal uso dos mesmos serán tamén indicadas nese parte e darán lugar a unha sanción. Os custos derivados destes arranxos deberán ser abonados polos alumnos.
13. Os equipos non poden sacarse das clases.